



PROGRAMA nº 6 – Christophe Coin

PROGRAMA

Wolfgang Amadeus MOZART (Salzburgo 1756 - Viena 1791): Abertura de "O rapto no serrallo"

Edouard LALO (Lille 1823 - Paris 1892): Concerto para Violoncello en Re menor

- *Prelude: Lento - Allegro maestoso*
- *Intermezzo: Andantino con moto*
- *Finale: Andante - Allegro vivace*

DESCANSO

Ludwig van BEETHOVEN (Bonn 1770 - Viena 1827): Sinfonía Nº7 en La maior, Op.92

- *Poco sostenuto - Vivace*
- *Allegretto*
- *Presto*
- *Allegro con brio*

NOTAS AO PROGRAMA

“**O rapto no serrallo**” (título orixinal en alemán, *Die Entführung aus dem Serail*, KV 384) é un *singspiel* en tres actos con música de Wolfgang Amadeus Mozart e libreto en alemán de Gottlieb Stephanie, quen adaptou outro libreto de Christoph Friedrich Bretzner. O termo *singspiel* significa que gran parte da acción progresa a través do diálogo falado, de maneira que a música carece de recitativos. Estreouse no Burgtheater de Viena o 16 de xullo de 1782.

Trátase dunha obra lixeira e de carácter cómico, con pouco da fonda exploración do personaxe ou sentimentos escuros que se atopan en óperas posteriores de Mozart. Xunto con outras obras contemporáneas, esta ópera viuse inspirada polo interese que espertaba na época todo o exotismo que se percibía do Imperio otomán, unha nación que só recentemente deixara de ser unha ameaza militar para o Imperio austríaco, incluíndo unha versión occidentalizada de música turca, baseada moi vagamente na música de banda jenízara turca que empregara nunha obra anterior. Como a maior parte das comedias da época, incorporaba moitos elementos da trama e a caracterización establecidas pola popular comedia da arte.

Este carácter atópase fielmente representado na abertura, que teremos a oportunidade de escoitar esta noite.

O **Concerto para violoncelo e orquesta en re menor de Édouard Lalo** foi escrito en 1877, en colaboración co violonchelista francés Franz von Fischer. A obra foi estreada o 9 de decembro de 1877 en Parides, co propio von Fischer como solista.

Aínda que Édouard Lalo é amplamente coñecido por ser o compositor da Sinfonía española para violín e orquesta, o seu traballo para orquestras sinfónicas, instrumentos solistas, grupos de cámara, ballet, ópera e música sacra, non o é tanto. Destas obras, a que logrou sobrevivir mellor foi o Concerto para violoncello en Re menor, composto en 1877 e que logrou gran aceptación trala súa estrea, consolidando a Lalo como un dos máis grandes compositores da época e outorgándolle un estilo propio marcado pola súa ascendencia española e a súa preferencia polas músicas populares.

O *allegro maestoso* está precedido por unha introdución lenta na que o violoncellista reflexiona sobre o estilo recitativo do movemento que vén. O corpo do movemento está composto en base a tres elementos: unha melodía firmemente cincelada interpretada polo solista, un tema acompañante descendente e inquebrantable, e un fermoso e docísimo segundo motivo, durante o cal o tema acompañante descendente adquire unha nova tenrura, sen chegar a disolverse. O segundo movemento é un *intermezzo* que alterna o *andantino lírico* co enérxico *allegro presto*. Logo dunha breve introdución (que temporalmente móvese na tonalidade de Si bemol menor e anticipa un dos motivos seguintes) o último movemento toma a forma dun sólido rondó.

Lalo non escatima en explorar o rico rexistro do violoncello, a miúdo grave e escuro, evitando ocultar ao solista na masa orquestral, para o que xera texturas suaves nos *tutti* sobre as cales o violoncello é capaz de brillar tanto melódica como dinamicamente.

A **Sinfonía n.º 7 La maior, op. 92, de Ludwig van Beethoven** foi escrita en 1811, cando o compositor estaba repoñendo a súa saúde na cidade bohemia de Teplice. A obra foi culminada en 1812 e dedicada polo autor ao conde Moritz von Fries. Foi estreada en Viena o 8 de decembro de 1813 durante un concerto de caridade para os soldados feridos na Batalla de Hanau. O propio Beethoven dirixía unha orquestra repleta de músicos ilustres, tales como Louis Spohr, Giacomo Meyerbeer, Johann Nepomuk Hummel, Ignaz Moscheles, Domenico Dragonetti, Andreas Romberg e Antonio Salieri, sendo moi ben acollida pola crítica do momento. En todas as sinfonías previas Beethoven empregara os planos fundamentais da arquitectura tonal clásica, aínda que considerablemente ampliados, pero coa Sétima atopou novas posibilidades no agrupamento de tonalidades afíns ao redor do centro tonal principal de toda a obra, cun atrevemento que supera a simple paradoxa.

A partitura é tan marabillosa que escapa a toda explicación. Esta sinfonía, cuxa grandeza de son non foi excedida nunca, non require máis que a modesta orquestra familiar a Haydn e Mozart, nin sequera incrementada por un segundo par de trompas.

Tras unha introdución lenta (como na Primeira, a Segunda e a Cuarta sinfonías) o primeiro movemento está escrito segundo a forma sonata e nel predominan os ritmos danzables e alegres.

O segundo movemento, en La menor é un *Allegretto*, conseguindo así facer o segundo tempo máis lento só pola comparación cos outros tres movementos. Moi a miúdo interprétase este movemento excesivamente lento, debido á tradición de escribir os segundos movementos en tempo *Adagio* ou *Lento*, aínda que aquí Beethoven rompe con este costume. A forma corresponde a un tema con variacións de dous temas contrastantes. O primeiro comeza só coas cordas. A medida que avanza o movemento vanse introducindo os demais instrumentos da orquestra ata chegar ao *tutti* en *fortissimo*. Na estrea o público pediu que se repetise a interpretación deste movemento, que foi moi popular desde entón. O ostinato (tema rítmico repetido) dunha negra, dúas corcheas e dúas negras pode ser escoitado repetidamente.

O terceiro movemento é un *scherzo* que segue a forma ternaria. Esta forma (baseada nos himnos relixiosos de pastores austríacos) é tocada dúas veces. Esta expansión da estrutura A-B-A de a forma ternaria para converterse en A-B-A-B-A foi bastante común nas obras de Beethoven durante este período, do mesmo xeito que na Sinfonía n.º 4 e no Cuarteto para corda n.º 8.

O último movemento tamén presenta fórmaa sonata. Pénsase que este movemento pode representar unha festa ou a furia do deus Baco, entre outros motivos.

CHRISTOPHE COIN (Violincello)

CHRISTOPHE COIN é unha das escasas personalidades que se mantiveron en primeira liña da actualidade musical desde 1990 ata hoxe. Está considerado como un músico excepcional: moitas das súas gravacións co cuarteto Mosaïques dedicadas á música vienesa do século XVIII recibiron as máximas distincións e foron consideradas como versións de referencia. As súas gravacións das Cantatas de Bach con Violoncello *piccolo* foron universalmente aclamadas pola crítica.

Christophe Coin está recoñecido como un dos máis importantes artistas da actualidade. A partir do seu primeiro premio como violoncellista no Conservatorio de París en 1974 -no que estudou con André Navarra- perfeccionou os seus estudos con Nikolaus Harnoncourt na Academia de música de Viena, e con Jordi Savall na *Schola Cantorum Basiliensis*. Como solista, Christophe Coin toca regularmente cos máis importantes directores e as máis prestixiosas agrupacións, talles como o *Concentus Musicus de Viena* (Nikolaus Harnoncourt), *Hespèrion XX* (Jordi Savall) e *The Academy of Ancient Music* (Christopher Hogwood).

En 1984 fundou e liderou o *Ensemble Mosaïques*, e sobre todo o cuarteto co mesmo nome, co que abordou principalmente un repertorio formado por obras de Haydn e Mozart, pero tamén de Beethoven e Schubert. Christophe Coin imparte así mesmo clases de Violoncello barroco e Viola de gamba no Conservatorio Nacional Superior de música de París e na *Schola Cantorum Basiliensis*. É tamén moi requirido internacionalmente na súa faceta como director.

ALEJANDRO GARRIDO (Dirección)

ALEJANDRO GARRIDO. Nacido en Sevilla, comeza os seus estudos musicais nesta cidade co profesor Fernando España, continuándoos no Conservatorio Nacional de París baixo a dirección de Bruno Pasquier e Christophe Coin, onde consegue o primeiro premio de viola en 1998. Entre 1999 e 2001 traballa na *Hochschule* de Frankfurt coa prestixiosa violista Tabea Zimmermann.

Alejandro Garrido actuou como solista acompañado pola Nova Orquestra Nacional de España, Orquestra Bética de Sevilla, *Ensemble Barcelona 216*, Orquestra Sinfónica de Tenerife, Orquestra de Premios do Conservatorio de París, Orquestra Cidade de Granada, Orquestra Sinfónica de Gran Canaria, *Orquestra des Arts* e Orquestra Barroca de Mallorca. Tamén colaborou coa Orquestra da Bastilla, *Mahler Chamber Orchestra*, Orquestra de Cadaqués e *Ensemble Intercontemporain*, onde traballa con músicos como Claudio Abbado, Bernard Haitink, Pierre Boulez, Sir Neville Marriner e Barry Sargent. foi ademais viola principal e solista da Orquestra de Radio Televisión Española. adquiriu unha ampla experiencia en música de cámara no seo do cuarteto *Diotima* en París tocando en festivais en España, Francia, Portugal, Alemaña,

Inglaterra, Suíza, Italia e Xapón.

Alejandro Garrido é actualmente profesor de viola no Conservatorio Superior de Zaragoza, que compaxina con unha intensa actividade concertística internacional (colaborando habitualmente coa Orquestra de Cadaqués, *Mahler Chamber Orchestra* e *BandArt*) e coa dirección musical da Orquestra Vigo 430.

ORQUESTRA VIGO 430

Foi creada no ano 2005, partindo coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para xa a partir do 2008 abordar progresivamente o repertorio sinfónico. A orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos dos máis brillantes expoñentes da canteira musical do noso país, que cursan os seus últimos anos de carreira previos á súa incorporación ao mundo profesional. A orquestra considerou este aspecto como un trazo significativo da evolución e o grao de consolidación da música orquestral profesional da nosa sociedade, por canto demostra que é perfectamente posible conseguir un alto nivel de calidade con profesionais da propia terra, formados no noso sistema; contando ademais con músicos foráneos que, con carácter de invitados e pola súa excepcional calidade, enriquecen o seu labor formativo, creativo e divulgador. Na actualidade o seu elenco vai (segundo o repertorio a interpretar) desde os 17 músicos da pequena orquestra de cámara necesaria para abordar o repertorio barroco ata os 50 que compón a formación sinfónica. A orquestra ten como director artístico a Javier Escobar e como director musical a Alejandro Garrido, un dos máis relevantes músicos novos do noso país.

No período que vai desde a súa creación ata hoxe en día, a Orquestra Vigo 430 foi recoñecida pola prensa e o público polo seu rigor e audacia na interpretación, así como pola súa frescura e vitalidade no escenario. Os seus programas de concerto reúnen música de diferentes épocas, autores e estilos, destacando o seu achegamento á música do século XVIII e XIX con criterios historicamente informados.

Como mostra de todo este traballo pódese atopar no mercado o primeiro disco da orquestra, así como numerosos vídeos en Youtube ou Vimeo de diversos concertos, que dan mostra do nivel de excelencia conseguido grazas ao traballo realizado neste tempo. A crecente fama da Orquestra fai que sexa cada vez máis requirida para distintos proxectos e gravacións discográficas.

OS COMPOÑENTES DO PROGRAMA nº6

Violíns I: Mario Peris (Concertino), Marcos Escobar, Cibrán Pérez, Manuel Sabucedo, Loida Díaz, Luís Ibiricu, Estela Rodríguez, Esin Yardimli, Jorge Ortal

Violíns II: Elena Vázquez, Manuel Álvarez, Edita Shulman, Carmen Gallego, M^a José Pámpano, Eduardo Vecbastiks, Camila Fernández, Carla Fontán, Sara Gil

Violas: David López, Aida Álvarez, Sara Franco, Alba Novoa, Javier Escobar

Violoncellos: Belén Fernández, Isabel Figueroa, Noia Suárez, Sara Fontán, Iván Nogueira, Margarita Mariño

Contrabaixos: Oscar Rodríguez, Saúl Puga, Andrea Parga

Frautas: Julia Estevez, Pablo Rouco
Oboes: Daniel Cuchí, Avelino Ferreira

Clarinetes: Marta Sancho, Paloma Pinto

Fagotes: Daniel Garrido, Gonzalo Lemos

Trompas: Oscar Davila, Daniel Otero, Ángela Freiría, Iván Abalde

Trompetas: Adrián Viñas, David Alonso

Trombóns: David M. Rodríguez, Jesús Vicente, Marcos Pereiro

Timbais: David Rodríguez, José Varela, Fernán Rodríguez